

XXXIV Festival de

JAZZ

de LUGO

1 - 17 Novembro

2024





Escenario



Círculo das Artes

XOVES 7 | 20:30 h

LAKECIA BENJAMIN
QUARTET

USA

VENRES 8 | 20:30 h

BILL EVANS &
THE VANS BAND
ALL STARS

USA

SÁBADO 9 | 20:30 h

KIKI CORTIÑAS

MI SENTIR LUGO | ESPAÑA

MERCORES 13 | 20:30 h

SOUL CHEMISTRY

FEAT. VICENT HERRING &
ERENA TERAUBO

USA

XOVES 14 | 20:30 h

MARIA
SCHNEIDER &

CLASIJAZZ BIG BAND

USA | ESPAÑA

VENRES 15 | 20:30 h

TANA SANTANA
QUINTETO

CANARIAS

SÁBADO 16 | 20:30 h

KENNY
WASHINGTON &
IGNASI TERRAZA
TRÍO

USA | CATALUÑA

DOMINGO 17 | 19:30 h

SAVOY CLUB
BIG BAND

GALICIA

Casa do Saber da USC

MARTES 12 | 20:30 h

Entrada libre ata esgotar localidades

ÈLIA BASTIDA
TRÍO

CATALUÑA

Clavicémbalo

VENRES 1 | 22:30 h

EJAZZ

GALICIA

VENRES 1 | 23:45 h

CHARO QUICLER OCTETO

PRESENTA THE MAGIG LINE

GALICIA

SÁBADO 2 | 22:30 h

FEDERALE

USA

EN COLABORACIÓN CON FACELA FEST

XOVES 7 | 22:30 h

PABLO SAX
CUARTETO

GALICIA

SELENE

VENRES 8 | 22:30 h

PEPE ZARAGOZA
QUINTETO

VALENCIA

VENRES 8 | 23:45 h

SÁBADO 9 | 23:45 h

IVÁN ROJAS NEW
QUARTET

CANARIAS

SÁBADO 9 | 22:30 h

CROSSING QUARTET

MÉXICO,
LÍBANO, ITALIAHUGO FERNÁNDEZ, TAREK YAMANI,
GIACOMO TAGLIAVIA & UGO ALUNNI

MARTES 12 | 22:30 h

TERRA NOVA
BRASS ENSEMBLE

GALICIA

MÉRCORES 13 | 22:30 h

JEREMY PELT QUINTET

USA

XOVES 14 | 22:30 h

DRUMLESS TRÍO

GALICIA

ABE RÁBADE, MARCOS PIN
& ALFONSO MORÁN

VENRES 15 | 22:30 h

JU YOUNG &
MARTÍN OTEROGALICIA
COREA

VENRES 15 | 23:45 h

MARTÍN LEITON
QUARTETCANARIAS
CATALUÑA

SÁBADO 16 | 22:30 h

INÉS CARREÑO

GALICIA

SÁBADO 16 | 23:45 h

DAYDREAM SESSIONS

GALICIA

Emenda e traduce: Shuǐ Lóng

Maquetación e impresión: Sete Cores Artes Gráficas

Deseño de portada: Luis Montero

MARTES 12 | 20:30 h **Entrada libre ata esgotar localidades**

ÈLIA BASTIDA TRÍO CATALUÑA

Èlia Bastida, nacida en Barcelona no 1995, empezou a tocar violín aos catro anos de idade. A partir dese momento, a música foi adquirindo cada vez máis importancia na súa vida até converterse na súa esencia mesma.

Cursou o grao medio de violín clásico con Pablo Cortés e, aos dezasete anos, entrou na Sant Andreu Jazz Band dirixida por Joan Chamorro. Foi nesa altura cando coñeceu o mundo do *jazz*; apaixonouna a posibilidade de creación e liberdade que este lle proporcionaba.

Máis adiante, comezou a cantar e a tocar saxofón na sección de saxos da *big band*; na actualidade a voz e o saxofón constitúen unha parte importante do seu set de concerto.

Ao longo da súa traxectoria na Sant Andreu Jazz Band, tocou con músicos increíbles como Dick Oatts, Scott Hamilton, Joe Magnarelli, Scott Robinson, Joel Frahm, John Allred, Jon-Erik Kellso e Luigi e Pasquale Grasso; ademais, actuou en países variados (Suecia, Suíza, Dinamarca, Italia, Francia...). Gravou non menos de corenta CD, cinco deles ao seu nome: *Joan Chamorro presenta Èlia Bastida, The Magic Sound of the Violin, Meraki, Èlia Bastida meets Scott Hamilton e Tribute to Stéphane Grappelli*.



Èlia Bastida: violín, saxofón e voz
Josep Traver: guitarra
Joan Chamorro: contrabaixo



NUEVO BMW SERIE 1 M SPORT DESIGN.
LLENO DE VIDA

Gracias a su **deportividad**, a su impresionante **pantalla curva** y a su **diseño totalmente renovado**, la calle será tu patio de recreo. Vive de una experiencia digital de alta gama en cada viaje.

Ven a **llenarte de vida** con "El Nuevo BMW Serie 1 M Sport Design" disponible YA en tu concesionario.

DESDE 250 €/MES

ENTRADA: 9.913 €
CUOTA FINAL: 22.620,92 €*
MANTENIMIENTO INCLUIDO.
FINANCIANDO CON BMW BANK.

Lugauto

Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1
Louzaneta, s/n
Tel.: 982 24 40 61
Lugo

www.lugauto.concesionariobmw.es


***TAE: 7,72%.** TIN: 6,99%. Importe a financiar: 27.370,05 €. 48 meses. 47 cuotas de 250 €/mes. Importe total adeudado: 34.778,73 €. Precio total a plazos financiando con BMW Bank: 44.691,73 € (cumpliendo condiciones). Condiciones válidas hasta 31/12/2024. Precio de venta al contado para BMW Serie 1 120d M Sport Design, 37.283,05 € (transporte, descuento, mantenimiento -5años/100.000km- e impuestos incluidos)**

XOVES 7 | 20:30 h

LAKECIA BENJAMIN QUARTET

USA

Lakecia Benjamin, saxofonista, cantante e compositora, revoluciona a escena *jazz* coa súa enerxía electrizante, co seu son único e poderoso. As pezas musicais que dá, mestura explosiva de *jazz*, *funk*, R&B e *hip hop*, desafían as etiquetas e cativan o ouvinte cun estilo sen comparanza no cal tradición e innovación se encontran.



Nacida e criada nas rúas vibrantes de Washington Heights en Manhattan, a súa paixón pola música acendeu a curta idade. Despois de se graduar en LaGuardia High School of Performing Arts, onde aprendeu a tocar saxofón, e de estudar na New School University, igualmente en Nova York, con veteranos do *jazz* —Billy Harper, Buster Williams, Gary Bartz— foi rapidamente solicitada para colaborar con figuras como Clark Terry e Reggie Workman, o que lle brindou a oportunidade de actuar cunha ampla variedade de artistas incluídos Christian McBride, Gregory Porter, Stevie Wonder, Alicia Keys e James Blood Ulmer.

Lakecia mantívose estrela en ascensión durante máis dunha década, ora ben, resplandeceu con novo brillo no 2020 tralo lanzamento de *Pursuance: The Coltranes* (álbum por tanto



dedicado a John e Alice Coltrane) que ofrece unha visión refrescante do *bebop* e do *jazz* espiritual.

Apláudelle a crítica e recibiu o Premio Saxofonista do Ano da prestixiosa revista *DownBeat* ademais do de Artista Revelación do Ano da Jazz Journalist Association. Foi nomeada en varias ocasións para os Premios Grammy. O último álbum de Lakecia, *Phoenix*, remite no título ao accidente de tráfico que en 2021 case lle leva a vida; é unha obra mestra que reflicte o seu crecemento artístico e persoal. Producido por Terri Lyne Carrington, posúe colaboracións gloriosas —Dianne Reeves, Georgia Anne Muldrow, Wayne Shorter— e explora ámbitos de liberdade, esperanza e renovación.

Lakecia Benjamin: saxo alto
Óscar Pérez: piano

Elias Bailey: baixo
EJ Strickland: batería

VENRES 8 | 20:30 h

BILL EVANS & THE VANS BAND ALL STARS

USA

Grupo composto polo mellor do *jazz* de fusión actual e encabezado polo saxofonista Bill Evans famoso, entre outros méritos, por ser un dos membros do último conxunto eléctrico de Miles Davis, acompañado de quen se estreou na escena musical internacional nos anos oitenta (aos vinte e un) e gravou seis álbums. Semellante experiencia levouno a realizar xiras e gravacións con artistas como John McLaughlin, Herbie Hancock e Mick Jagger por nomear algúns. Hoxe, tras vinte e seis álbums, nomeamentos para os Grammy e innúmeras colaboracións e xiras, Evans segue a explorar unha variedade abraiante de ambientes musicais como líder de diversas agrupacións.


Durante case catro décadas, Gary Husband traballou cunha ampla e ecléctica gama de músicos célebres, entre eles John McLaughlin, Allan Holdsworth, Jeff Beck, Jack Bruce, Gary Moore, a banda pop *funk* británica Level 42, Billy Cobham, Al Jarreau, Mike Stern, John Wetton (King Crimson), Chris Squire (Yes), Andy Summers (The Police), Steve Hackett (Genesis) e os produtores George Martin e Quincy Jones.

Canto a Felix Pastorius, fillo do tótem do baixo Jaco Pastorius, traballou como músico de estudio, por exemplo, con David Byrne, Cindy Blackman, Carlos Santana e The Yellowjackets.



O batería Keith Carlock puxo a súa arte ao servizo de Steely Dan, John Mayer, Sting, James Taylor, Toto, Christopher Cross, Diana Ross, The Blues Brothers, Wayne Krantz, Mike Stern e Robben Ford.

Bill Evans All Stars é un cuarteto «inventivo, contemporáneo e poderoso» segundo a crítica; unha formación sen precedentes, rítmica, enérxica, con melodías magnéticas e un abano de influencias *soul*, *jazz*, *funk* e pop. «Tocamos en diferentes bandas e agora entusiásmanos xuntar no escenario», declara Bill Evans.



Bill Evans: saxofón
Gary Husband: teclados
Felix Pastorius: baixo eléctrico
Keith Carlock: batería

SÁBADO 9 | 20:30 h

KIKI CORTIÑAS

MI SENTIR LUGO | ESPAÑA

Un artista excepcional que consegue reunir raíces flamencas, vangarda *jazz* e fusión. Despois de colaborar con estrelas do panorama musical como Tomatito, José Mercé e Ketama e de percorre-los escenarios de todo o mundo ao lado dos míticos Toumani Diabaté, Javier Colina e Jorge Pardo, achégano-lo seu estilo inconfundible, pleno de intensidade, emoción e carácter. Cigano de nacemento, foi nomeado fillo predilecto da cidade e lucense do ano cando só contaba doce. A súa música transcende fronteiras. Cada acorde, cada letra, é reflexo da súa poderosa herdanza cultural enriquecida coa experiencia en diferentes xéneros musicais e o coñecemento doutras realidades culturais en xiras desde África ata Estados Unidos.



A súa carreira fala por si mesma, apóiana grandes baluartes da música que distinguen o seu talento e autenticidade. Santiago Cortiñas Barrul, Kiki, cantador e compositor flamenco de Lugo, ofrécenos un concerto no que a innovación se encontra coa tradición e ilumina un espazo orixinal onde a música se sente de verdade; a verdade que vai do antigo para o moderno.



Kiki Cortiñas: voz e guitarra flamenca

José del Tomate: guitarra flamenca

Johny Cortés: percusión

Carlos Martín: baixo

David Bao: batería

Gabriel Fernández: teclados, guitarra eléctrica e coros.
Programación

MERCORES 13 | 20:30 h

SOUL CHEMISTRY

FEAT. VICENT HERRING & ERENA TERAKUBO USA

Soul Chemistry é un dos moitos froitos resultantes da longa colaboración musical entre o saxofonista Vincent Herring e o batería Joris Dudli. Cun disco merecedor de catro estrelas da crítica *Downbeat*, Soul Chemistry magnetiza pola súa abordaxe singular: un achegamento ao *jazz* de tradición moderna que aloxa importantes doses de *swing*, todo ofrecido nunha chave contemporánea impregnada de enerxía e espiritualidade. Cada un dos membros da banda ten atrás de si unha longa e insigne carreira como músico de *jazz*. A incorporación dunha estrela convidada como a formidable saxofonista Erena Terakubo xerou grandes expectativas para o regreso de Soul Chemistry.

Erena Terakubo: saxo alto e saxo tenor

Vincent Herring: saxo alto

Urs Hager: piano

Ignasi González: contrabaixo

Joris Dudli: batería



XOVES 14 | 20:30 h

MARIA SCHNEIDER & CLASIJAZZ BIG BAND

USA | ESPAÑA

Quen é compositora e directora de *big bands* entre as máis prestixiosas do mundo une as súas forzas á Clasi jazz, formada polos mellores músicos do panorama nacional. Rita Payés, Enrique Oliver, Irene Reig, Daahoud Salim, Andreu Pitarch e o acordeonista convidado Philippe Thuriot son algúns dos membros deste conxunto de dezaioito elementos baixo a atenta e maxestosa dirección de Maria Schneider.

A súa música é obxecto de respecto por críticos de todo o mundo que a din «evocativa, maxestática, máxica, incrivelmente bela, imaxinativa, fascinante, ousada e máis alá de calquera clasificación». As encomendas de Maria Schneider abarcan de Jazz at Lincoln Center, á Saint Paul Chamber Orchestra, pasando polo American Dance Festival e incluíndo unha colaboración con David Bowie.

Maria Schneider é unha de poucos profesionais da música en lograr premios Grammy de varias categorías, tanto no *jazz* como na clásica. O seu último álbum duplo, *Data Lords* (2020), finalista do Premio Pulitzer, obtivo dous Premios Grammy e foi vencedor do ilustre Grand Prix de l'Academie du Jazz.

Dirección: **Maria Schneider**
Acordeón: **Philippe Thuriot**



Trompetas:

Joan Mar Sauqué, Bruno Calvo, Pep Garau, José Carlos Pepelu Rodríguez

Trombóns:

Rita Payés, Tomeu Garcías, Miguel Moisés, Pedro Pastor

Saxofóns e demais instrumentos de vento:

Irene Reig, Enrique Oliver, Tete Leal, Pedro Cortejosa, Francisco Latino Blanco

Voz: **Rita Payés**

Sección rítmica

Piano: **Dahoud Salim**

Guitarra: **Jaume Llobart**

Contrabaixo: **Bori Albero**

Batería: **Andreu Pitarch**



VENRES 15 | 20:30 h

TANA SANTANA QUINTETO

CANARIAS

Tana Santana é un compositor, contrabaixista e baixista eléctrico nacido en Gran Canaria e titulado en baixo eléctrico e contrabaixo polo renomeado centro superior de música Musikene do País Vasco.

No 2012 grava o seu primeiro disco, titulado *Otra Cosa*, non sen antes gaña-lo premio do público nun concurso nacional de *jazz* fusión convocado pola empresa FNAC. Nese mesmo ano, foi para el igualmente o primeiro premio no concurso internacional de bandas de *jazz* realizado en Anglet (Francia).

O seu carácter versátil no baixo e contrabaixo, que se move entre estilos tan diversos como *jazz* e flamenco, deulle a oportunidade de actuar e/ou gravar con figuras do máis relevantes na escena actual, por exemplo, Antonio Lizana, Perico Sambeat, María Toro, Jose Alberto Medina, Kike Perdomo, Simbeque, Natanael Ramos, Guillermo McGuill, Andrzej Olejniczak, Ernesto Aurignac, Gabriela Suárez, Yul Ballesteros e Mike Moreno.

HIRU é o terceiro disco solista de Tana Santana. Composicións orixinais que peneiran tradición e improvisación a través de xéneros tan dispares como *jazz*, *rock*, pop e música popular das



Canarias. Ofrécenos un concepto musical no que se esquecen límites estilísticos para procurar unha identidade que redefina o *jazz* desde o prisma da cultura popular actual. Gravado en formación de quinteto, conta con artistas moi destacados no *jazz* nacional.

Tana Santana: baixo
Roberto Nieva: saxofón
Virxilio Da Silva: guitarra
Xan Campos: piano
David Xirgu: batería

SÁBADO 16 | 20:30 h

KENNY WASHINGTON & IGNASI TERRAZA TRÍO

USA | CATALUÑA

Hai uns anos, Ignasi Terraza ouviu cantar a Kenny Washington en Nova York. Completamente seducido pola descuberta dunha voz «cristalina e poderosa», segundo el mesmo confesa, o pianista de Barcelona comezou a construí-las bases dunha alianza á cal acabaría por se suma-lo contrabaixista alemán Martin Zenker, a quen tamén emocionara a arte deste cantante e xa estaba a pensar en como colaborar con el. «Kenny aborda cunha personalidade increíble todo tipo de estilos *jazzísticos* e encaixa perfectamente no son do noso trío», di Terraza, un dos maiores estudiosos cataláns de *jazz*, sobre este cantor nacido en Nova Orleáns que venera a Sarah Vaughan e Stevie Wonder entre outros.

Así pois, acompañado polo infalible Ignasi Terraza Trio e despois de participar na conmemoración do centenario de Ella Fitzgerald con Wynton Marsalis e a Lincoln Center Orchestra, vai actuar Kenny Washington! Un virtuoso a quen Ravi Coltrane chama o seu vocalista preferido e que o *San Francisco Chronicle* define sen rodeos como «o Superman da escena jazzística na cidade».

Kenny Washington: voz
Ignasi Terraza: piano

Martin Zenker: contrabaixo
Esteve Pi: batería



DOMINGO 17 | 19:30 h

SAVOY CLUB BIG BAND GALICIA

A Savoy Club Big Band nace a principios do ano 2016 por iniciativa do propio director e dun grupo de músicos amantes do *latin jazz*. Deu a coñece-lo seu primeiro disco, *Te desafío*, no 2022. O imaxinario desta orquestra configúrao a época de máximo esplendor das de Tito Puente, Machito, Mario Bauzá e Tito Rodríguez. O seu estilo de son invita a un percorrido polos salóns de baile da Nova York dos anos 50 onde as *big bands* tocaban ritmos latinos e emanaban elegancia e calidade musical. Despois de oito anos de carreira e evolución, agasállanos cunha coidada selección de temas de ampla variedade estilística que representan anos gloriosos da música latina. O seu repertorio combina elementos da música popular coa tradición do *jazz* e ofrece unha oportunidade imperdible para danzar e/ou apreciar ao vivo unha Savoy que, tal como os grandes grupos nos que se inspira, mestura impulso visceral e paixón con arranxos esmerados e intérpretes enérxicos e virtuosos.

Así se nos ofrece unha noite coa Savoy Club Big Band: vinte e dous artistas sobre o escenario renden homenaxe aos grandes mestres da música latina e reviven as noites douradas do mambo e do *jazz* latino na Gran Mazá.

Saxofóns:

Pablo Añón, José Arques, Manuel Martínez, Rubén Vázquez, Gorgian Oñanesian

Trompetas:

Hansel Luis Díez, Daniel Figueredo, Pablo Muñiz, Ricardo Cao

Trombóns:

Ramiro Lamas, Iván Cuba, Grigore Buftea, Traugott G. Grasser

Piano:

Daniel Vázquez

Contrabaixo:

Charlie Drop

Percusión:

Miguel Cabana, Xabi Cid, Sergio Sande

Voces:

Noelio Rey, Kirenia Martínez, Sara Vázquez

Dirección musical e arranxos:

José Somoza



VENRES 1 | 22:30 h

EJAZZ GALICIA



Galardoada co Premio Martín Códax da Música na categoría de grupos vocais e coros (2019 e 2017) e tendo a voz por único instrumento, as vocalistas galegas Ejazz percorren dende o 2012 os principais clubs de jazz, salas de concertos e festivais da súa comunidade.

Á fronte da formación, como arranxista e directora musical, encóntrase a recoñecida mestra e cantadora Carmen Rey. Completan o cuarteto Ángeles Dorrio, Marga Ramos e Betty Queiro con cadanseus proxectos en solitario e extensas traxectorias musicais.

Estamos diante unha idea de grupo atractiva e orixinal cuxo repertorio desprega sorprendentes versións *a capella*. Catro voces, catro personalidades, catro estilos que se funden nun harmonizados ao ritmo de jazz, soul, bossa nova, funk e rock.

Carmen Rey
Ángeles Dorrio
Marga Ramos
Betty Queiro



REDE GALEGA
DE MÚSICA
AO VIVO

VENRES 1 | 23:45 h

CHARO QUICLER OCTETO

PRESENTA THE MAGIC LINE



GALICIA

No seu último traballo discográfico, a cantante homenaxea con paixón e talento as grandes damas do jazz (as lendarias Billie Holiday, Ella Fitzgerald, Sarah Vaughan...). Charo

deixa a súa pegada nas cancións que marcaron a historia do canto de jazz e vai máis alá: convida as novas xeracións a descubri-la beleza e fondura do xénero e ágasalla os afeccionados ao mesmo cun son único e accesible que destaca a versatilidade e mailo poder do estilo vocal.

Charo Quicler: voz
Hansel Luís Díez: trompeta e fliscorno
Pablo Añón: saxo tenor e clarinete
William Díaz: trombón
Luis Peiteado: guitarra
Dani Vázquez: piano
Charlie Drop: contrabaixo
Sergio Sande: batería

SÁBADO 2 | 22:30 h

FEDERALE USA

EN COLABORACIÓN CON FACELA FEST



Federale é unha formación liderada por Collin Hegna, baixista da popular banda americana The Brian Jonestown Massacre. O seu primeiro disco foi lanzado no 2012; vén de se edita-lo último single, «Heaven

Forgive Me», do máis recente, *Reverb & Seduction*.

Se Lee Hazelwood fixera un álbum con Nick Cave e contrataran a Ennio Morricone en calidade de arranxista, con moita probabilidade soaría unha miga a Federale. Cancións escuras, narrativas e cun toque cinematográfico, os arranxos das cales transitan polas paisaxes góticas dos anos 80 e os fenómenos italianos branqueados polo sol.

A voz barítono de Collin Hegna, nun canto de serea profundo e meloso, arrástranos a través de bosques de cordas e sintetizadores. Dunha forma desacouante, obríganos a velo que podería suceder a continuación.

Collin Hegna: voz, guitarra
Pat Spurgeon: batería
Victor Franco: guitarra
Megan Diana McGeorge: teclados, sampler, trompa
Ryan Lynn: baixo

XOVES 7 | 22:30 h

PABLO SAX GALICIA
CUARTETO | SELENE

Este cuarteto nace na noite do 7 de decembro do 2022 presentando cinco pezas no Filloa Club de Jazz —A Coruña— interpretadas en primicia para seren gravadas ao vivo e gozadas por un

público que as acolleu con entusiasmo.

Os músicos Pablo P. Sanmamed (contrabaixo) e Sergio González (batería), que xa facían parte do Pablo Sax Trío e que lanzaran o disco *AMORGANA* en decembro do 2017, permanecen na formación. Xúntase a ela Alejandro Vargas como pianista, arranxista e pequeno percusionista, ampliando en moitos aspectos as posibilidades sonoras e tímbricas para a música que presenta *SELENE*.

As pezas que ofrecen procuran un equilibrio entre composición e improvisación en forma de homenaxe a creadores que mediante a súa obra influenciaron o autor da música; son eles Ornette Coleman, Ramón M. del Valle-Inclán e Paul Klee. Queda lugar para admirar, así mesmo, a cidade de Pompeia e o satélite terrestre Selene, denominación grega e mitolóxica. Outrosí, o cuarteto recrea algúns temas dos compositores Charles Mingus, Eric Dolphy, John Coltrane e Thelonious Monk.


Pablo Sax: saxo alto e soprano
Pablo P. Sanmamed: contrabaixo
Alejandro Vargas: piano e pequenos instrumentos de percusión
Sergio González: batería

Clavicémbalo



VENRES 8 | 22:30 h

PEPE ZARAGOZA QUINTETO VALENCIA



Pepe Zaragoza é un trompetista e compositor formado no núcleo da escena jazz valenciana. Ten tres álbums como líder editados polo selo Sedajazz Records. O primeiro deles, *La plaza dels somnis*, deulle galardóns de renome: primeiro premio no III Certamen Internacional de Jazz Ciudad de Talavera, primeiro premio no VII Concurs de Jazz a Castelló e segundo premio no Getxo Jazz 2018. O segundo álbum, *La cala de l'encís*, foi nomeado pola Generalitat Valenciana para mellor álbum de jazz 2020 e o terceiro, *Eímer*, gañou o Carles Santos da Música Valenciana a mellor álbum de jazz 2023. Comezou a estudar trompeta aos nove anos no Conservatorio Municipal de Altea e, despois, a especialidade jazz no Conservatorio Superior de Valencia con Ramón Cardo, Voro García, Toni Belenguer e Albert Sanz entre outros. Completou a súa formación no Kug Jazz Institute de Graz (Austria) da man do distinguido trompetista americano Jim Rotondi. Actuou con personalidades tan destacadas como Wycliffe Gordon, Michael Abbene, Perico Sambeat e Javier Vercher.

Pepe Zaragoza: trompeta
Víctor Jiménez: saxofón
Xan Campos: piano
Dario Di Lecce: contrabaixo
Vicente Porcar: batería



VENRES 8 | 23:45h

IVÁN ROJAS NEW QUARTET CANARIAS



O compositor e virtuoso guitarrista canario Iván Rojas vén presenta-lo seu novo álbum elaborado a base de temas propios orixinais. Estará acompañado por músicos excepcionais. A idea do Iván Rojas New Quartet nacíu en 2022 no Conservatorio Superior de Música de Tenerife e devén en río; mistura sutil de varios

xéneros e estilos, desde a música clásica atravesada *new soul* e *hip hop* e faise mar no jazz máis contemporáneo.

Iván Rojas: guitarras
Kike Perdomo: saxofón
Agustín Buenafuente: contrabaixo
Akior García: batería

SÁBADO 9 | 22:30 h

CROSSING QUARTET MÉXICO, LÍBANO, ITALIA HUGO FERNÁNDEZ, TAREK YAMANI, GIACOMO TAGLIAVIA & UGO ALUNNI



O novo cuarteto formado polo guitarrista mexicano Hugo Fernández promete unha experiencia musical arrebatadora. O piano, como instrumento harmonicamente máis flexible, irmanda coa

guitarra e crea melodías e harmonías complexas que se funden nunha danza apaixonante.

Hugo Fernández colabora aquí co talentoso pianista libanés Tarek Yamani, quen explora de forma impresionante as fronteiras entre a música do Medio Oriente e os ritmos e ligazóns de acordes característicos da afroamericana. O baixista Giacomo Tagliavia, graduado polo Global Jazz Institute de Berklee, achega influencias da súa terra natal siciliana así como do jazz tradicional e moderno europeo. Ugo Alunni, de Perugia, é un batería versátil que domina tanto o jazz convencional como o máis actual e aventureiro.

Hugo Fernández: guitarra
Tarek Yamani: piano

Giacomo Tagliavia: contrabaixo
Ugo Alunni: batería

MARTES 12 | 22:30 h

TERRA NOVA GALICIA BRASS ENSEMBLE

Nicolás Ravelli Barreiro: Director

MÉRCORES 13 | 22:30 h

JEREMY PELT QUINTET USA



Jeremy Pelt, aínda que mozo, xa se converteu nun dos trompetistas máis influentes da escena jazz internacional. Desde os anos en que iniciou a súa andaina profesional na Mingus Big Band, este músico inqueda soubo desenvolver un estilo propio e cheo de identidade que o levou a tocar ao lado de grandes nomes: Ralph Peterson, Cedar Walton, Frank

Wess, Villargé Vanguard Orchestra e Winnard Harper serían algúns. Como líder de proxectos persoais, a crítica eloxia a súa capacidade creativa e innovadora, a súa técnica impecable e a singularidade á hora de dar forma e poñer en práctica as ideas por el deseñadas. *Tomorrow's Another Day* é o máis recente lanzamento de Jeremy Pelt, un traballo ousado que chega a proba-la boa saúde do jazz no xeral e no particular.

Jeremy Pelt: trompeta
Jalen Baker: vibráfono
Leighton Harrell: baixo

Misha Mendelenko: guitarra
Jared Spears: batería

XOVES 14 | 22:30 h

DRUMLESS TRÍO

ABE RÁBADE, MARCOS PIN & ALFONSO MORÁN GALICIA



O último grupo do guitarrista e compositor Marcos Pin, inspirado en anelos e fantásticos tríos de *jazz*, experimenta novas formas de expresión musical sen batería. Para dar vida a esta visión e ao repertorio que a acompaña, conta cunha forza do traballo excepcional que completan dous

dos máis reputados intérpretes da escena *jazzística* actual: o pianista Abe Rábade —líder de formacións de éxito e de numerosos proxectos, ben a piano só, ben a trío, cuarteto e quinteto, ben a modo de agrupación máis numerosa e contemporánea— e o polivalente e solicitado contrabaixista Alfonso Morán, peixe na auga para a música *jazz* e para a clásica.


Marcos Pin: guitarra
Abe Rábade: piano
Alfonso Morán: contrabaixo



REDE GALEGA
DE MÚSICA
AO VIVO

VENRES 15 | 22:30 h

JU YOUNG & MARTÍN OTERO GALICIA COREA



Ju Young e Martín Otero coñecéronse nos Países Baixos cando estudaban *jazz* no Conservatorium van Amsterdam. Comezan por actuar xuntos en diversos grupos ata que posteriormente forman un dúo co cal seguirán a actuar en cidades como Amsterdam e Leiden.

Nesta posta en escena exploran as posibilidades dun repertorio de *jazz* cunha abordaxe máis íntima e persoal, dando espazo a outros estilos musicais e, por suposto, a composicións orixinais.

Ju Young: voz **Martín Otero:** piano



REDE GALEGA
DE MÚSICA
AO VIVO

VENRES 15 | 23:45 h

MARTÍN LEITON QUARTET



CANARIAS | CATALUÑA

O *jazz* e o folclore latinoamericano impregnan cada nota que sae do contrabaixo de Martín Leiton.



Despois de varios anos de estrada, o músico canario residente en Barcelona continúa a consolidarse co seu quinto traballo discográfico como líder, *Caravana*. Anteriormente editara *Medium* (96k Music, 2011), *Poetry of Sound* (Underpool Records, 2015), *Inevitable* (Blue Sounds, 2017) e *Desde abajo* (RASO, 2021).

O cuarteto integrado por Santi de la Rubia (saxo), Toni Saigi (piano), Andreu Pitarch (batería) e o propio Martín Leiton demostra unha vez máis o extraordinario que resulta o seu encontro musical. Inspirado nas meirandes referencias do xénero como Thelonious Monk, Wayne Shorter e Duke Ellington, o último traballo de Martín Leiton mestura estas influencias indiscutibles coa música latinoamericana e os ritmos e melodías Gnawa e Tuareg. Un sinal máis da súa personalidade e poder creativo.

Inicialmente autodidacta e graduado en Jazz e Música Moderna polo Conservatorio Superior do Liceo de Barcelona, Martín Leiton é multiinstrumentista e cantante. Medrou como músico interpretando estilos e xéneros moi diversos: folclore latinoamericano, *jazz*, música afroamericana, flamenco...


A súa precoz e frutífera carreira profesional permitiulle colaborar con Jeff Ballard, Dave Kikoski, Kenny Werner, Perico Sambeat, Albert Bover, Jorge Pardo e Chano Domínguez amais de facer xiras xunto con Jorge Drexler, Niña Pastori, Juan Perro, Mala Rodríguez, Lucía Fumero e Júlia Colom.

Santi de la Rubia: saxofón
Toni Saigi: piano

Martín Leiton: contrabaixo
Andreu Pitarch: batería

SÁBADO 16 | 22:30 h

INÉS CARREÑO GALICIA



Presentación de *Llanto Risa Calma*, primeiro traballo discográfico de Inés Carreño, unha escolla de composicións de orixes diversas —música tradicional, canción latina e *standards jazz*— cantadas en varios idiomas incluídos galego, castelán, italiano e inglés. Inés Carreño consegue dotar de unidade sonora o repertorio completo axudada polo timbre doce, aveludado e vigoroso da súa voz. En reunión acústica con Iago Mouriño, Pablo Pérez, Sergio González e Pablo Castaño, camiña do profundo ao privado.

Inés Carreño: voz
Pablo Castaño: saxo alto
Iago Mouriño: piano
Pablo Pérez: contrabaixo


Sergio González: batería



REDE GALEGA
DE MÚSICA
AO VIVO

SÁBADO 16 | 23:45 h

DAYDREAM SESSIONS GALICIA



Daydream Sessions é un proxecto artístico colaborativo ideado por Guzmán (Sergio Abuín), Bluz (Adrián Arias) e Decsus (Jose Ángel Sánchez) cuxo obxectivo é crear unha

comunidade por medio de Jam Sessions. Tralo seu primeiro ano de existencia, a comunidade acadou cento trinta colaboradores e realizou vinte e dúas sesións distintas por toda Galicia.

É un espectáculo aberto a multitude de sons como *neosoul*, *hip hop*, música latina, *rock* alternativo..., feito desde a ilusión de atopar intérpretes con inclinacións semellantes e ao mesmo tempo diferentes.

Daydream Sessions é a nave que nos leva ao mundo dos soños. *Are you having a nice dream?*



REDE GALEGA
DE MÚSICA
AO VIVO

ORGANIZA



PATROCINAN



COLABORAN



Venda anticipada de entradas



+ info www.jazzlugo.com

